



## Tertulias literarias

### BIBLIOTECA DE SANTA CRUZ outubro – decembro 2019

**B**


#### Entre la bruma, de Simonetta Agnello Hornby



Un matrimonio acomodado acaba de mudarse ao barrio londinense de Kensington. Teñen dúas pequenas, Amy e Lucy, e levan unha vida tranquila. A súa cotidianidade vese sacudida cando a mestra de Lucy cre ver no comportamento da pequena indicios de ansiedade e profundo malestar. O pai deberá enfrontarse, entón, a terribles acusacións. Equívocase a nai ao crer firmemente na inocencia do seu home?

**Presentación e entrega: 22 outubro**  
**Comentario: 19 novembro**


#### Retrincos, de Castelao



Retrincos é un libro publicado en 1934 por Nós, consistente nunha colección de relatos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, composta por cinco narracións autobiográficas ("O segredo", "O inglés", "Peito de lobo", "O retrato" e "Sabela") convertidas en contos tan sinxelos como ben construídos, ordenadas cronoloxicamente e escritas cun mesmo criterio.

**Entrega: 19 novembro**  
**Comentario: 3 decembro**

#### Canadá, de Richard Ford



Dell Parsons ten quince anos cando sucede algo que marcará para sempre a súa vida: os seus pais rouban un banco e son detidos. O seu mundo e o da súa irmá xemelga Berner desmorónase nese momento. Cos pais no cárcere, Berner decide fuxir da casa familiar en Montana. Un amigo da familia axudará a Dell a cruzar a fronteira canadense coa esperanza de que alí poida reiniciar a súa vida en mellores condicións.

**Entrega: 3 decembro**  
**Comentario: 17 decembro**

#### El hereje, de Miguel Delibes



Orfo e falto do amor do pai, Cipriano contou, con todo, co afecto da súa ama de cria Minervina, unha relación que lle sería arrebatada e que o perseguiría o resto da súa vida. Convertido en próspero comerciante, contactou coas correntes protestantes clandestinas que empezaban a introducirse na Península. Pero a difusión dese movemento foi progresivamente censurado polo Santo Oficio.

**Entrega: 17 decembro**  
**Comentario: 21 xaneiro**